Potamogeton polygonifolius Pourr., 1788

- espiga de auga, potamoxeto de folla de cordela, nadantas
- espiga de agua, hierba de agua
- ur-izki
- potamogeton de fulles de renouer
- bog pondweed
- espiga de água



ESTADO DE CONSERVACIÓN

EX **ES** **CR** **EP** **VU** **CA** **PM**

EX: en perigo de extinción; **ES**: extinta en estado silvestre; **CR**: en perigo crítico; **EP**: en perigo; **VU**: vulnerable; **CA**: case ameazada; **PM**: preocupación menor

DIVISION	CLASE	ORDE	FAMILIA	XÉNERO
Magnoliophyta	**Liliopsida**	**Alismatales**	**Potamogetonaceae**	***Potamogeton***

ORIXE

Europa e norte de África.

CARACTERÍSTICAS

As follas flotantes teñen forma ovoide a oval-lanceolada, coa base cuneada a subcordada, e unha textura opaca e coriácea. As follas somerxidas son lanceoladas, pecioladas e de ápice romo, e desaparecen con relativa rapidez. Teñen unha lámina que se diferenza das flotantes. As flores agrúpanse en espigas pedunculadas e alongadas. Cada unha desas flores ten un perianto de 4 pezas e 4 estames con anteras sésiles. O xineceo consta de ata 4 carpelos libres ou lixeiramente connados. Os froitos son similares a drupas de cor vermella ou vermella apardazada.

HÁBITAT

Augas ácidas, lentas e de baixo contido en nutrientes, como regatos de turbeiras, charcas, mananciais turbosos e humedais.

DISTRIBUCIÓN

Europa, norte de África, suroeste de Asia e noroeste de América do Norte.

CURIOSIDADES

Ten un papel ecolóxico crucial. As aves acuáticas aliméntanse dela, mentres que os peixes e os anfibios utilizan a súa densa vexetación como escondedoiro e hábitat principal de alimentación.